

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 5 DE MAIO DO 2008.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día cinco de maio de dous mil oito; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez, Don Francisco Xabier Carreira Sebio, e Dona Manuela Iglesias Collarte.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández, estando tamén presente a Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 28 de Abril do dous mil oito (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

1.-EXPEDIENTE 1314-SC

A Xunta de Goberno Local vistos os informes do Enxeñeiro Técnico municipal de data 28/02/2008 e do Secretario de data 30/04/2008, informou favorablemente o expediente de referencia, ordenando a súa revisión ao Servicio Provincial de Urbanismo e Arquitectura para construción dunha rampa no Lugar de Ventosela, Polígono 26, Parcela 387, téndose observado o preceptivo trámite que determina o artigo 41 da Lei 9/2002 de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

2.-EXPEDIENTE 1187-AC

Dase conta a Xunta de Goberno pola Alcaldía do expediente informado interesado pola empresa Paneles Paseiro, S.L. para execución de nave industrial para fabricación de artigos de chapa e paneles tipo sandwich no lugar P.E. de Ribadavia, San Cristobal, 2ª Fase, Vial 3.

Resultando que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite e que se cumpriron os trámites de información pública e que se incorporaron os informes do Xefe Local de sanidade e dos técnicos competentes na materia con carácter favorable a realización da actividade.

Considerando que o proxecto técnico, segundo o seu autor, reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividade, a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental, e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadá e a súa adecuación ó medio ambiente.

Considerando que na zona, ou nas súas proximidades non concorren outras actividades análogas xeradoras de efectos aditivos.

A corporación municipal por unanimidade acorda:

1º-Informar favorablemente a concesión de licenza municipal instada pola empresa Paneles Paseiro, S.L. en congruencia cos informes incorporados ao expediente.

2º- Dar traslado do expediente completo á Delegación provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia, aos efectos previstos nos artigos 30.2 c) e 33 do referido regulamento.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

1º- Visto o escrito de **Dona Angeles Sanmarfull Rodríguez**, na representación de MD Actividades F.A.S., con domicilio a efectos de notificación a estrada de Filgueira nº 88, 2ºB, no que solicita a devolución de parte do aboado en concepto de Imposto de Construcións, Obras e Instalacións pola licenza concedida pola Xunta de Goberno Local de data 19.02.07. para a realización de obras de acondicionamento de Local adicado a lavandería no inmovible sito na avda. do Ribeiro nº 68, baixo,

Tendo en conta que o R.D.L 2/2004 no seu artigo 102 e ss. establece que a base imponible do imposto estará constituído polo coste real e efectivo da construción, obra ou instalación, entendéndose por tal o coste da execución material da obra.

Tendo en conta que 34.734 euros corresponden a maquinaria e accesorios, todos eles elementos auxiliares da actividade (lavadoras, secadoras...).

A Xunta de Goberno por unanimidade de todos os asistentes, acorda:

1º.- Proceder a realización dunha nova liquidación aos efectos do imposto de construcións, instalacións e obras, por importe de 680,94 euros.

2º.- Proceder a devolución a interesada da cantidade de 903,09 euros.

3º.- Comunicar este acordo e ordenar aos servizos de Intervención e Tesourería a súa contabilización e pago.

2º- Escrito de Don Francisco Javier Sotelo Pérez en representación de Dona Luisa Mª López Pérez con data 30/04/2008 e RE 2701 no que sintéticamente se comunica o seguinte:

- esta parte non aceptará nin aplazamentos nin reducións de deuda.
- Declaracións retóricas de intencións non poden servir para evitar o cumprimento dunha sentenza firme nin para xustificar a desobediencia á autoridade xudicial.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade realizar todas as actuacións posibles para o pagamento desta débeda aínda que no momento actual non existe crédito dispoñible.

3º- Escrito da empresa **Gestima, S.L.** en relación co aparcamento subterráneo sito na Alamenda da Villa de Ribadavia polo que solicita unha compensación económica substitutoria aínda sen mediar modificacións no servizo cando as circunstancias determinasen en calquera sentido a ruptura da economía da concesión.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento.

4º- Escrito de **Don Ruben Costoya Novo** en representación de ICEACSA con domicilio na Glorieta de América nº 5, 1º da cidade de A Coruña (15004) no que solicita para redacción do proxecto de avaliación ambiental estratéxica un informe de sustentabilidade ambiental, entre outros os seguintes datos:

ABASTECIMIENTO:

- Descrición xeral da rede de abastecemento: trazado das tuberías, diámetro, materiais, ubicación de depósitos e estado das mesmas.
- Captación, pantanos: caudal campado según autorización

SANEAMIENTO:

- Descrición xeral da rede de saneamento: trazado dos colectores, diámetro, materiais, problemas existentes, estado das mesmas.

- EDAR, tipo de tratamento, caudais de deseño e poboación servida (habitantes equivalentes)

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade autorizar a entrega desta documentación debendo poñer en coñecemento da empresa AQUALIA este acordo para que a mesma proceda a remisión de aqueles datos que afecten o ámbito das súas competencias.

5º-Solicitud de información urbanística interesada por Don Leopoldo Fernández Riel con domicilio en Alcalde Portanet, 23,1ºB.,36210, Vigo. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte e visto o correspondente informe técnico de data 28/04/2008 a Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel sobre o lugar da Veronza-Xestal, a solicitude de Don Leopoldo Fernández Riel de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

6º-Solicitud de información urbanística interesada por Don Eugenio Garcia Tizón con domicilio en Crta. De Ribadavia, 50, 3ºB, 32500, O Carballiño. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte e visto o correspondente informe técnico de data 28/04/2008 a Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel sobre o lugar da Crta. Vieja OU-401 M.D.-Prexigueiro, a solicitude de Don Eugenio García Tizón de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

7º-Solicitud de información urbanística interesada por Don Agustín Fernández Fernández, en representación de GRANITOS ABELENDA DAS PENAS con domicilio en Abelenda das Penas s/n, Carballeda de Avia. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte e visto o correspondente informe técnico de data 30/04/2008 a Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel sobre parcelas 22,23,24 e 25, 2ª Fase Pol. Ind. De San Cristovo a solicitude de Don Agustín Fernández Fernández de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

8º-Solicitud de información urbanística interesada por Don Xurxo Gómez Alonso con domicilio en Crta.Veiga s/n, San Cristovo. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte e visto o correspondente informe técnico de data 30/04/2008 a Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel sobre o lugar da Estrada a Veiga s/n, San Cristovo a solicitude de Don Xurxo Gómez Alonso de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

9º-Solicitud de información urbanística interesada por Don José Carballal Doval con domicilio en Rosalía de Castro nº 3, Ribadavia. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte e visto o correspondente informe técnico de data 29/04/2008 a Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel sobre o lugar da Rúa Encrucillada nº4, Francelos a solicitude de Don José Carballal Doval de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

11º-Solicitud de información urbanística interesada por **Don José Carballal Doval** con domicilio en Rosalía de Castro nº 3, Ribadavia. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte e visto o correspondente informe técnico de data 29/04/2008 a Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel sobre o lugar da Rúa Encrucillada nº7, Francelos a solicitude de Don José Carballal Doval de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, toma coñecemento dos seguintes:

1.- Comunicación do Xuzgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Ourense con data 28/04/2008 e RE 2604 pola cal se lle dá traslado o concello de Ribadavia da setencia nº 266/07 en relación co recurso presentado pola empresa Gestima, S.L. contra o concello de Ribadavia, sendo o fallo xudicial o seguinte “ que debo declarar y declaro la inadmisibilidad por extemporáneo del recurso contencioso administrativo interpuesto por el Procurador Sr. Tabares P. Piñeiro, en nombre y representación de Gestima, S.L., contra “la desestimación presunta por silencio administrativo de la solicitud de devolución de ingresos indebidos abonados por la actora por el concepto de Impuestos de Actividades Económicas-IAE-correspondiente a los ejercicios 1998-1999-2000 por importe total de 17.035,04€(12.577,42€ de principal y 4.457,62€ de intereses) consecuencia de la concesión administrativa del aparcamiento público de Ribadavia”.

2.- Comunicación da Mancomunidade do Ribeiro de data 30/04/2008 con RE 2679 mediante a cal se adxunta un novo convenio a asignar entre o concello de Ribadavia e a Mancomunidade do Ribeiro que de ser aceptado deberá devolvelo debidamente asignado e selado a Mancomunidade do Ribeiro.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade adherirse a este convenio sempre que se proceda a aclaración e incorporación dos seguintes aspectos:

1º- que se lle remita ó concello de Ribadavia un estudio económico financeiro no que se clarifique detalladamente a que é debido o aumento de custos.

2º- que a duracion do convenio sexa prorrogable ata un máximo de tres anos.

3º- que en caso de resolución esixta un preaviso dun mes e que a resolución so se produza por incumplimento das obrigas de algunha de ambas dúas partes, posto que en caso contrario estaríamos ante un abuso de dereito e unha discrecionalidade absoluta que en ningún caso debe presidir as relacións interadministrativas.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

1º- ORDE DO 24 DE MARZO DE 2008 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESION, EN REXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DE SUBVENCIONS A CONCELLOS CON DESTINO AO APOIO AS FESTAS POPULARES E OUTROS EVENTOS DE CONTIDO TURISTICO.

“Vista a Orde de 24 de Marzo de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a Concellos con destino a apoio ás festas populares e outros eventos de contido turístico, publicada no DOGA nº 69, de 10 de abril de 2008.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Solicitar a devandita subvención destinada o apoio de festas populares e outros eventos de contido turístico existente no Concello, de acordo co artigo 4.d) da Orde.

Segundo.- Comprometerse a incluír no Orzamento o importe do custo da actuacións que se vai a levar a cabo, asumindo a parte non subvencionada ao abeiro desta convocatoria”.

2º- ACTUACIONES RELATIVAS AO AUTO DA SALA DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO DO TSX DE GALICIA.

En relación coa recepción do auto do TSX de Galicia de data 15/04/2008 (RE 2304) no que se requería ao concello de Ribadavia para que procedese a inmediata execución da sentenza 619/1996 do TSX de Galicia na que literalmente se recollía o seguinte: “Polo que o concello tendo en conta entre outros extremos a vixencia da licenza cúa caducidade deixase agora sen efecto deberá completar e resolver os expedientes relativos a tales solicitudes de licenza” , a Xunta de Goberno Local entende que a resolución do expediente relativo a solicitude da licenza en cuestión deberá realizarse conforme a normativa legal de xeito que se debe proceder a comprobar se o proxecto de execución se corresponde co proxecto básico para o que se otorgou a correspondente licenza de obras. Así mesmo a resultada sentenza e no auto da mesma sala de data 15/05/2007 faise referencia a que a autoridade competente en materia de patrimonio informe ou non se autoriza a realización dos proxectos de execución.

CONSIDERANDO que os informes emitidos pola arquitecta municipal Dona Mercedes Álvarez López de data 5/05/2008 e o informe emitido pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 27/09/2007 e data de RE 1/10/2007 e nº RE 4949, presenta diferencias sustanciales a Xunta de Goberno Local acorda remitir o expediente ao Letrado do Concello a efectos de emisión do correspondente informe xurídico.

3º.- SOLICITUDE DE ADOSE DE DOUS EDIFICIOS INDUSTRIALES.

Dase conta do expediente que se está a tramitar por parte da empresa Autos González, S.L. e de Don Antonio García Vázquez , relativo a adose de edificacións das parcelas 78 e 20.

No expediente consta informe técnico de data 30/04/2008 no que establecen as seguintes consideracións:

2.3.1 o adose é posible por estar contemplado así na ordenación urbanística aplicable no correspondente plan parcial.

CONCLUSIÓN. Informo favorablemente o adose da dúas construcións industriais sitas nas parcelas 78 e 20 da primeira fase e cúa titulariedade consta nos datos aportados ao concello.

Así mesmo do citada informe técnico e do expediente tamén se deduce a existencia dos seguintes elementos:

a) copia de escritura notarial de compromiso,

b) documentación técnica titulada ANTEPROXECTO DE ADOSE DAS EDIFICACIONES DAS PARCELAS 78 E 20 DO PARQUE EMPRESARIAL DE RIBADAVIA.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade autorizar o adose das edificacións sitas na parcela nº 20 titulariedade da empresa Autos González, S.L. (garaxe de

autobuses e taller mecánico de uso propio) e parcela nº 78 titulariedade de Don Antonio García Vázquez (nave para almacenamento e embotellado de viño).

4.- GASTOS E FACTURAS VARIAS.-

Vistas as facturas e demais documentos xustificativos das prestacións que se expoñen á fiscalización conforme da Intervención municipal e considerando que, existe crédito orzamentario no orzamento de gastos para o exercicio 2008, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, e en uso das facultades en canto á xestión do gasto conferidas polo RD Lexislativo 2/2004 e RD 500/1990, delegadas pola Presidencia, acorda:

Primeiro.- O recoñecemento e liquidación das obrigas e polos importes que a continuación se expoñen, con imputación ás partidas correspondentes.

CONGALLE S.L., servicio de recollida de lixo, mes de outubro 2007, por importe de 7.054,47 euros.

Segundo.- Comunicar este acordo e ordenar aos servizos de Intervención e Tesourería a súa contabilización e pago.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO